



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 - CP 15117 - Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 - E-mail: correo@laxe.es

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO DE OBRA DO PROXECTO DE "MELLORA DAS REDES DE SANEAMENTO E PLUVIAIS NA PRAZA RAMÓN JUEGA, NO CONCELLO DE LAXE"

1.- Introducción

A actuación que se pretende realizar consiste en executar as obras de mellora das redes de saneamento e pluviais na Praza Ramón Juega, no Concello de Laxe.

As obras deste proxecto sitúanse no núcleo urbano do Concello de Laxe, concretamente, no entorno da Praza Ramón Juega e as rúas que a rodean, sendo estas augas arriba as rúas Rúa do Río, Rúa da Xuventude, Rúa do Cantón, Rúa Sol e a propia Praza Ramón Juega, así como a Rúa Rosalía de Castro en augas abaixo.

Para a execución destas obras, o Concello ten redactado o "Proxecto de mellora das redes de saneamento e pluviais na Praza Ramón Juega" redactado en outubro de 2022 polos enxeñeiros de camiños, canles e portos Emilio Quintáns Pérez e Andrea Calvo Rivera, adscritos á empresa Inbolc IT&Ambiental Solutions, por un valor estimado de 104.511,25 euros, con 21.947,36 euros de IVE, facendo un importe total de 126.458,61 euros.

2.- Descrición da situación actual

Actualmente, na contorna da Praza Ramón Juega conflúen, en dous pozos de rexistro, 5 tuberías de saneamento onde se recollen as augas fecais e pluviais en redes unitarias.

O pozo situado augas arriba recibe, por unha banda, as augas fecais da Rúa do Río con unha tubería de formigón de Ø600 mm, así como un río canalizado noutra tubería de similares características e, por outra banda, as augas fecais da Rúa Xuventude nunha canalización de Ø450 mm formigón. Estas canalizacións de saneamento, á súa vez, transportan a auga recollida augas arriba das súas respectivas cotas e non teñen separación entre fecais e pluviais, provocando que o pozo de rexistro entre en carga, a causa, sobre todo, do aporte de auga limpa procedente da canalización do río, a cal aumenta considerablemente en épocas de moita choiva.

O pozo situado augas abaixo, ademais de recibir toda a auga recollida no pozo anterior, tamén ten outras dúas achegas. Unha das achegas procede da Rúa Ramón Juega (onde onde conflúen as augas da Rúa do Placer e da Rúa Real) que se canaliza nunha tubería de formigón de Ø400 mm. A outra achega procede da Rúa do Cantón, en tubos de formigón de Ø400 mm.

Desde o pozo augas abaixo, onde se recollen todas as augas nunha rede unitaria previamente mencionada, a rede continúa cara á rúa Rosalía de Castro nunha tubaxe de formigón de Ø400 mm, onde se une á rede de augas fecais que discorre por esta vía (onde xa existe rede separativa).

3.- Obxecto do contrato

A actuación proxectada preténdese actuar no entorno da Praza Ramón Juega, na Rúa do Río e subindo pola rúa Sol ata a conexión coas redes separativas da Rúa Insua, no Concello de Laxe, para a renovación da rede de saneamento existente e a separación da mesma da rede de pluviais .

No que respecta á rede de saneamento, realizarase unha renovación pola súa precaria situación, instalando novas canalizacións e conectalas a un pozo da Rúa Rosalía de Castro, ao pé da Praza Ramón Juega.



Do mesmo xeito, no que se refire á rede pluvial, instalárase, separadamente da de saneamento (obxectivo principal da serie de melloras a realizar no casco urbano de Laxe), conectando estas canalizacións nun pozo do Paseo Marítimo, baixo a zona peonil. Como medida adicional, instalárase unha reixa de desbaste de gruesos previa conexión á rede existente, para evitar que os sólidos entren na rede de pluviais e acaban no mar, coa conseguinte contaminación que iso provoca.

En ambas as actuacións, proxéctanse pozos de rexistro para futuras conexións unha vez realizada avances na renovación de ambas redes no resto da zona urbana.

Con estas actuacións preténdese desconxestionar as canalizacións da Rúa Rosalía de Castro, mediante a retirada do aporte de augas pluviais. Deste xeito, as actuais canalizacións de esta arteria principal, terán toda a súa carga hidráulica a disposición da rede de saneamento.

Códigos CPV: 45232410-9. Obras de saneamento.

4.- Necesidade e investimento derivado deste contrato

O estado actual da rede é moi deficiente debido, sobre todo, a dous factores fundamentais. Por unha banda, o feito de que un río fose canalizado cunha canalización de formigón de Ø600 mm e esta únese nun pozo de rexistro co resto das augas fecais do entorno provoca un aumento da carga hidráulica na rede que é innecesario e problemático para o deseño dos diámetros actuais e do estado das tubaxes. Por ser auga limpa, o río deberá separarse na rede de pluviais e poderase verter directamente ao mar, sen necesidade de chegar ata a depuradora, algo totalmente contraproducente debido ao exceso de auga limpa na mesma que reduce o carga de fecais, diluíndoa e complicando o proceso de depuración, á vez que un volume alto conleva un maior nivel de funcionamento, provocando un maior consumo de enerxía e económico.

Por outra banda, é facilmente deducible que se de augas arriba chegan tubos de Ø600 mm e Ø450 mm ata un pozo cuxa única saída é un tubo de Ø400 mm, existen importantes problemas de entrada en carga dos pozos, retroceso da auga e mesmo levantamento de tapas debido á gran acumulación que se produce nestes pozos.

A lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, establece no artigo 25.2 que "o Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: c) Subministro de auga potable no domicilio e evacuación e tratamento da auga residuos. d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade", polo que é preciso proceder á mellora da referida rede de saneamento e pluviais e licitar a contratación de dita obra.

5.- Análise Técnica e Económica.

A análise detallada do proceso técnico da obra consistente na mellora das redes de saneamento e pluviais da Praza Ramón Xuga, do Concello de Laxe, está recollida en detalle no Proxecto que se incorpora ao expediente de contratación, redactado polo enxeñeiro Emilio Quintáns Pérez e pola enxeñeira Andrea Calvo Rivera, (IMBOLC IT & AMBIENTAL SOLUTIONS) en outubro de 2022.

RÉXIME DE FINANCIAMENTO

Fondos propios	Deputación de A Coruña
126.458,61 €	0 €



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 - CP 15117 - Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 - E-mail: correo@laxe.es

Concello de Laxe

6.- Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira

A realización do investimento de mellora das redes de saneamento e pluviais na Praza Ramón Xuega, no Concello de Laxe, atópase dentro dos parámetros impostos pola lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

A este respecto debe sinalarse en canto á débeda financeira, que non resulta necesario formalizar unha operación de crédito para financiar a contratación referida, pois o Concello conta con consignación no orzamento municipal de 2024 para cubrir o importe da execución da obra e estímase que ao peche do exercicio a Corporación cumprirá co obxectivo de estabilidade orzamentaria e de regra de gasto

En canto ás repercusións e efectos económicos que xerará o contrato proposto, tanto durante a súa execución como durante toda a vida útil da obra, debe destacarse que pola propia natureza da actuación, non se estiman aumentos do custe para os vindeiros anos que deriven da realización desta actuación, máis aló do normal que conlevan este tipo de actuacións, polo que se manterá nos mesmos termos o custe asociado a este investimento e que se financiará cos gastos xa consignados e consolidados no correspondente programa orzamentario.

A financiación municipal está prevista no orzamento de gastos do exercicio 2024, na aplicación orzamentaria 2024.160.619.00.

7.- Análise do Procedemento

O contrato obxecto deste procedemento terá carácter administrativo, tipificándose como un contrato de obra a teor do artigo 13 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP), rexéndose en canto á súa preparación, adxudicación, efectos e extinción polo establecido neste Prego e na devandita LCSP.

Tendo en conta os valores estimados dos contratos e dado os tipos de obras que se pretende realizar, parece axeitado introducir criterios de adxudicación suxeitos a xuízo de valoración técnica e criterios de valoración automática. Así o procedemento previsto, á vista do importe do proxecto, será o aberto simplificado (artigo 159 da LCSP), tramitación ordinaria, admitindo a presentación de proposicións a todas as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e non estean incursas en prohibicións de contratar das sinaladas no artigo 71 LCSP.

O prazo de execución das obras é de 3 meses, segundo o estipulado no proxecto.

8.- Criterios de adxudicación

Á vista do obxecto do contrato óptase por valorar criterios cuantificables mediante xuízos de valor (primeira fase), ao que se lle outorga unha puntuación máxima de 75 puntos e criterios cuantificables automaticamente (segunda fase) cunha puntuación máxima de 75 puntos. A puntuación total é de 100 puntos. Ademais para pasar á segunda fase (valoración criterios automáticos) deberase acadar o 50% da puntuación establecida para os criterios subxectivos.

1.- Criterios cuantificables mediante xuízos de valor: valórase o plan de control de calidade, o programa de traballo, programa de actuación ambiental e o esquema do plan de seguridade e saúde.

Estes criterios responden o fin de acadar unha mellor oferta, non só dende o punto de vista económico, senón de calidade e eficacia na execución, tendo en conta criterios de calidade, seguridade, laborais, etc., que permitan escoller a mellor oferta calidade-prezo.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 - CP 15117 - Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 - E-mail: correo@laxe.es

2.- Criterios avaliados mediante fórmulas, nos que se valora:

- A oferta económica, coa que se pretende un aforro na licitación.

-Incremento do prazo de garantía. Tendo en conta que esta obra afecta á zona centro da Vila, considérase necesario establecer un incremento de garantía que asegure unha eficiencia na execución que garanta que de detectarse deficiencias, estas sexan emendadas o antes posible, procurando unha execución de calidade.

-Redución de prazo: interesa que a execución de obra se realice canto antes para evitar as inundacións que se producen en épocas de choivas, pero limitase a redución do prazo para garantir que a execución da obra se realice de xeito eficiente, evitando que un exceso de redución de prazo prexudique a execución da obra.

9.- Xustificación da non división en lotes

De acordo co informe técnico de data 20/12/2023, emitido por D. Jesús Manuel Mallo Puga, adscrito á empresa Átomo Estudio Técnico como empresa que realiza a Asistencia Técnica no Concello de Laxe, (segundo Resolución da Alcaldía núm. 926/2019, de data 11/12/2019) "*Este investimento, pola natureza do seu obxecto, non pode ser dividido en lotes que sexan obra completa.*"

10.- Non contratación de persoal

Aos efectos previstos no artigo 308.2 LCSP, a través do contrato non se vai instrumentar a contratación de persoal. En todo caso, á extinción do contrato de obras, non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que teñan realizado os traballos obxecto do contrato como persoal da entidade contratante. A tal fin, os empregados ou responsables da Administración deben absterse de realizar actos que impliquen exercicio de facultades que, como parte da relación xurídico laboral, correspóndanlles á empresa.

11.- Órgano de contratación

O órgano competente para contratar é o alcalde do Concello de Laxe, de conformidade coa disposición adicional segunda da LCSP.

12.- Responsable do contrato

O director das obras designado.

13.- Condicións de execución

O adjudicatario e os subcontratistas que participen na execución da obra, terán que cumprir obrigatoriamente algunha condición especial de execución das reflexadas na cláusula 27 dos PCAP.

Igualmente atenderán as condicións establecidas nas autorización sectoriais de:

- Do Servizo de Urbanismo, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de data 19/01/2023
- Do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, de data 16/12/2022
- De Portos de Galicia, de data 05/12/2023
- Declaración responsable de Augas de Galicia

Conclusión: enténdese xustificada a necesidade de contratación das obras de referencia e xustificado o previsto no art. 28 da LCSP.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 - CP 15117 - Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 - E-mail: correo@laxe.es

Concello de Laxe

Laxe, na data de sinatura da marxe
O Alcalde,
Asdo. Francisco Charlín Oróns